

## Narrativa recuperada de Bernardo Rodríguez Ribeira

Marta Neira Rodríguez

RESUMO Marta Neira comeza esta nota explicando cómo a súa investigación sobre Bernardo Rodríguez Ribeira quedou truncada coa saída á luz do libro *Bernardo Rodríguez Ribeira. Emigrante Sobranceiro*, de Olimpio Arca Caldas. Debido a que este estudoso só ofrece un estudo biográfico e a reprodución do labor literario do autor estradense, a investigadora achega unha breve análise da narrativa recuperada deste autor. Parte duns relatos que Olimpio Arca non reproduciu e compáraos coa construción formal e temática dos outros relatos xa coñecidos.

ABSTRACT MN begins this note by explaining that her research into BRR was cut short by the publication of Olimpio Arca Caldas's book *Bernardo Rodríguez Ribeira. Emigrante Sobranceiro*. However, since this scholar provides only a biography and an edition of the works of this writer from A Estrada, MN provides a short critical analysis of his surviving prose work. She examines short stories not included in OA's book, and compares them in terms of narrative structure and theme to the published stories.

III

### Introdución

Hai un tempo propúxosenos facer un estudo biobibliográfico sobre a figura dun estradense do século XIX apenas coñecido até hai ben pouco. O obxectivo do traballo consistía en rescatar do esquecemento un escritor como Bernardo Rodríguez Ribeira (A Estrada, 1853-Bos Aires, 1924) que non fora obxecto de ningunha investigación, pese a ter desempeñado diferentes cargos en importantes institucións galegas ou foráneas, de ter polemizado sobre temas relacionados co idioma galego e de ter publicado diversos relatos nas principais publicacións periódicas bonaerenses da época, tanto en galego coma en castelán.

Pretendíamos realizar un estudo no marco do proxecto que dirixe Modesto Hermida García no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, proxecto que xa se materializou en volumes publicados na colección “Narrativa Recuperada”<sup>1</sup> na que se deron a coñecer ou se estudaron con profundidade autores que, como Bernardo Rodríguez Ribeira, non foran tratados anteriormente. Os nosos propósitos serían, en definitiva, reunir aqueles datos biográficos espallados en diversos lugares e presentar outros novos que comezamos a recadar a través de diferentes fontes, así como, no tocante á produción, dar conta da obra narrativa en galego e reproducir os textos que se descoñecían pola súa dispersa localización.

Aquela proposta que se nos presentara pareceunos de grande interese e axiña a aceptamos e comezamos a nosa investigación, mais por diferentes motivos o noso traballo demorouse e non saíu a lume antes da publicación de *Bernardo Rodríguez Ribeira. Emigrante Sobranceiro*<sup>2</sup>, de Olimpio Arca Caldas, que anteriormente xa tratara este autor, aínda que non coa mesma dedicación, en *Emigrantes Sobranceiros*<sup>3</sup>. Nestes volumes Arca Caldas fai un repaso á biografía deste estradense e reproduce, entre outros textos, a maior parte dos relatos en galego que de Bernardo Rodríguez se coñecen.

112

## Narrativa recuperada

Aproveitando os achados daquela investigación inicial, analizamos nesta nota a narrativa recuperada de Bernardo Rodríguez que está conformada por diferentes relatos breves e anécdotas, asinados ben baixo pseudónimo ben co nome do escritor estradense. Non se coñece polo de agora ningunha outra

---

<sup>1</sup> Como foi o caso de: *A cruz do salgueiro e outros relatos*, de Xesús Rodríguez López, por Manuel e María González (1997); *Baixo do alpendre e outros relatos*, de Manuel Amor Meilán, por M<sup>ª</sup> Teresa Araújo García (1998); *Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos*, de Manuel López Vázquez, por M<sup>ª</sup> Teresa Monteagudo Cabaleiro (1998); *Obra narrativa en galego de Heraclio Pérez Placer*, por M<sup>ª</sup> Isabel Soto López (1998); *Obra narrativa en galego de Aurelio Ribalta y Copete*, por M<sup>ª</sup> Eulalia Agrelo Costas (2000); *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, por Xabier Campos Villar (2000); *Uxío Carré Aldao. Obra narrativa en galego*, por Mario Romero Triñanes (2000); *Relatos e outras prosas de Roque Pesqueira Crespo*, por M<sup>ª</sup> Teresa Araújo García (2001); *As noites no fogar e outros textos. Ángel Vázquez Taboada*, por Alexandra Cabaleiro Carro (2001); *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*, editado por varios autores; e *Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal*, por Rafael Adán Rodríguez (2004).

<sup>2</sup> Estrada: Fundación Cultural da Estrada, 2002.

<sup>3</sup> Pontevedra: Caixa de Pontevedra, 1998.

publicación en prosa galega deste autor. Por iso, reproducimos aquí tres relatos dos que deu noticia Modesto Hermida (1995, 2000)<sup>4</sup>, e que Arca Caldas non recolleu e mesmo nun caso só o fixo parcialmente, para a seguir comentar esta narrativa recuperada e así completar o estudo que nos ofreceu Olimpio Arca e que se reseña neste número do *Boletín Galego de Literatura*.

Os relatos son os seguintes:

### “AXUSTE DE CONTAS”<sup>5</sup>

I

—Pois sí, alá me vou á tomar unhas cuncas de viño da terra, unhas berciñas con un grao de unto, e se cadra botarlles unhas loitas ás rapazas.

—¡Quén coma tí! Eu tamén iría, pero aínda teño que cavar un pouco. De calquera maneira, se m-o levas, heiche de dar un encarguiño pr-á tía Andresa: é un paniño da mau que lle mando pr-á sua Florinda. Tí, que es meu amigo, podes saber que, se non hay inconveniente, a tía Andresa será miña sogra. Florinda quíxome sempre e quéreme moito, e eu non penso mais que n-ela, porque é un anxeliño de boa e bonita como unhas pascuas.

—Xa sabes que podes contar conmigo pr-ó que che se ofrezca, e do que me acabas de contar ninguén saberá nada: alegrándome moito de que enfiaras dereito á casa da tía Andresa, pois se a filla é coma a nay, farás bo casamento e millor xuntanza.

—Heiche de dar tamén unha carta pidíndolles que te miren como se fora eu mesmo.

—Tía Andresa!

—¡Santiaguiño! ¡Dios te deixe vir con ben, filliño! ¡E qué guapo ves, mesmo parece un repolo de gordo!

—Moitas grazas, tía Andresa. ¿E Florinda, sei que non está?

---

<sup>4</sup> Narrativa galega: tempo de Rexurdimento, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1995; e “A prosa narrativa no tempo do Rexurdimento” en Anxo Tarrío Varela (coord.), *Os Séculos Escuros. O século XIX*, A Coruña: Hércules Ediciones, tomo XXXI, 2000.

<sup>5</sup> Asinado co nome real do estradense apareceu na publicación bonaerense *El Eco de Galicia*, número 516 (20-II-1906). Modesto Hermida (1995) considerou que se trata da colaboración do estradense neste xornal “máis longa e a máis decididamente narrativa”, así como “inxustificadamente bilingüe”, afirmación esta última coa que coincidimos.

—Non, meu fillo; vaiche n-os baños en Vilagarcía con miña hirmán Xuana. A probe dendes pouco antes de irse pr-alá aquel teu amigo Tiburcio, xa él ch-o contaría, non hay mais salú n-ela e cada ves vay á menos.

—Pois Tiburcio díxome que quedaba moy rebusta e moy bonita.

—Estaba, sí, pero despois parece que a vira unha chosca. Cando ti lle escribiche aquela carta, ela non che quería contestar por nada, dicindo que ti eras moy bo, e que ela, enferma como estaba, non tiña gusto pra nada, nin siquera pra escribir-  
che á tí; tíven que obrigala, e chorando escribeuche.

—¡Ay Dios mío, e eu que viña pensando n-ela e hastra soñando con darlle unha aberta se vosté m-o permitía! ¡Dendes que estouvo enferma quería-me moito, e eu tomáralle tamén tanta ley...!

—Pois hastra d-aquí á cinco días non che ven: garda pra estonces esa aberta, meu fillo, e daslla á ver se así se alegre un pouco, porque a tua ben cría non che lle pasa.

—Gracias, tía Andresa.

—¿Florinda, aquí está Santiago; baixa pra baixo que te quer ver? A probe non millorou casque c-os baños. ¡Teño unha pena!

—¿Ola, Florinda, qué tal che aproveitaron os baños?

—Non me queixo: agora parece que teño un pouco mais de folgo.

—Pois non che da a cara de estar enferma.

—Tí fas bulra, Santiago. ¿Non me ves unha mirrada feita? ¿Non che parezo un figo mayado? Tí sí que ves moy guapo, con cara de boa salú. Eu xa ves que non son nin a sombra do que era: que cho diga miña nay.

—Tenche razón. Antes tiña bo color, estaba gorda e repoluda, alegre e rebuldo-  
na; agora está achuchada de todo.

—¿E os médicos que che dín?

—Dinme que teño que distraerme, pasiar moito, non pensar en nada, comer de todo, e que sey eu cantas cousas máis; ¡pero o meu corpiño non me pide senón bágo-  
as e sempre bágoas!

—Pero ¿por qué bágoas, Florinda? ¿Por qué chorar tí que es un ánxele, que non fixeche mal á ninguén, que todo o mundo te quere?

—¡Ay, Santiaguíño, qué aquivocado estás: a min ninguén me quere! ¡Ese mundo de quen tí falas eche moy enganador!

¡Dios mío, qué cambada estás, Florinda! ¡Eso que acabas de decir fahme des-  
confiar moito de que os médicos che entendan a tua enfermédá. «O mundo é un  
enganador», dis tí, arrincado un suspiro do fondo do teu corazón. ¡Qué podes saber  
tí dos engaños do mundo cando non conociches mais cariños que os de tua nay, cando  
non te quentaches á outro lume que o do teu lar. ¡E eu que vin soñando contigo,

*pensando en tí, revéndome de que podía aínda, aunque son mais bello, chegar á merecer o teu cariño pra levarte despois ó pé do altar onde nos bendicise o cura pra que fomos á facer un niño que hencheriamos de caricias, pra endulzar a miña vida co as tuas miradas, c-os teus encantos, c-os teus agasallos...!*

*—¡Ay, Santiaguíño, qué felís sería contigo, qué alegre viviría ó teu lado, qué doces, qué curtos me serían os días n-a tua compañía; pero xa non pode ser!*

*—Por Dios, Florinda, ¿por qué non pode ser?*

*—¡Olvídame, Santiaguíño, pra sempre se eu tiver a sorte de merecer o teu cariño; arrínca do teu corazón todos os meus recordos e tira co eles onde nunca mais se vexan, onde nunca mais se atopen; e se a miña presenza che estorbara moito, agradeceríache que me mataras cravando un coitelo no medio do meu corazón...!*

*—Tía Andresa ¿qué é eso? Espríqueme por favor este misterio. Aquí hay algo que eu non podo comprender.*

*—Meu fillo, eu estouche tan atrónita coma tí. Nunca conmigo che falou de esa maneira; ¡mesmo parece que o deño se meteu n-ela!*

*—(Se eu poidera estar soilo con Florinda algo había de esculcar).*

*—Vaya, hastra un pouquiño, Santiago, que vou apañar as patacas pr-ó xantar, porque están caíndo as nove.*

*—Hastra logo, tía Andresa.*

*Florinda, Florinda da miña vida ¿quéresme algo? ¿gardas abí dentro do teu peito algún cariño pra este probe home que relouca por tí, que non pode acougar en ningures senón ó teu lado?*

*—¡Santiaguíño da miña alma, quérote boxe mais que onte, agora mais que fay un pouco, e xuro que nunca quixen á ninguén como te quero á tí; pero quédesa pra min soila ese cariño como un recordo querido da tua bondá; gardarey hastra que morra, alá n-o estuxo do meu corazón, a imaxe tua como a d-un santo pra adoralala n-as horas tristes cando dos meus ollos corran as bágoas á fío...! Non son dina de tí, non es tí merecedor de que esta desgraciada pague o teu cariño con un engaño, con unha falsía...!*

*—¡Florinda, por Dios, qué me partes o corazón! Se algo me queres, se algo me estimas, se ves que podes confiar en Santiago, cóntame as tuas penas, Florinda; díme canto sintas, que che xuro gardar o segredo e prométoche que seremos dous á sufrir os teus pesares; sabes, Florinda, que o meu gusto é chorar cando tí chores ou rir cando tí rías.*

*—Tanta bondá, tanto cariño, ese corazón tan bo que Dios che dou fanme penar aínda mais por non merecerte. Pois que m-o rogas, que me das tanta confianza, vouche á contar como á un birmanciño da alma as penas que aburan o meu corazón.*

—Xúroche respetar o teu dolor e n-a miña vida decir nada á ninguén.

—Pois ben: cando me mandaches aquel paniño c-unba carta pra miña nay n-a que falabas moy ben do que a trouxo, veo Tiburcio c-os teus encargos, estouvo falando con nos as duas, laudándote á mais non poder, e él tamén nos pareceu un home de moito siso.

—Porque o é á carta cabal.

—¡Veo bastantes veces á visitarnos, sempre con moy bos modos, moy solesmeiro sobor todo con miña nay, tanto que a tiña embobada; pero eu funlle descubriendo certas ideas que non me gustaban, e estonces arredeime de él o mais que poden, dando motivo á que miña nay me reprendese algunha ves por «non ter máis cortesía». Conocía él a miña inocencia, e como o raposo andaba á busma buscando ocasións que nunca se lle presentaban...!

—¡Non chores, Florinda; sigue que o mundo está caíndo sobor de mín!

—¡Unba tarde chegou supetamente á casa: estaba eu soila. ¡E aporveitándose de que eu era unba rapaza que non podía defenderme, de que nin n-a casa nin preto d-ela había xente que me valesa, botouse coma un desaforado á reminar todo, buscando algo que deseaba, pero que nunca conseguiría de outro modo! ¡Pirmeiro con razóns, despois con lágrimas rogueille, supriqueille hastra de rodillas co as maos levantadas que non tocase nada do que miña nay tiña alí gardado como está o Sacramento n-a custodia; que tivese en conta que me deixaran a min pra coidar de todo o que alí había; pero de nada fixo caso: arrebatou o mais sagrado que tiñamos n-a casa, deixando un montón de promesas, que ninguén lle pideu, envoltas n-o veneno que paseniño paseniño me vay levando á cova...!

—¡Probe Florinda! Seca esa cara, enxuga esas bágoas, que Santiago xura por esta crus lavar co a sangue do falso amigo a mancha que deixou n-a casa da tía Andresa. Irei á buscalo ó mesmo tobo e pidireille contas do uso que fixo da carta que lle dey. Cando m-as dea, correrey ó teu lado, e se aínda me quixeres, serás miña coa alma e c-o corazón; pois ben comprendo que fuches vítima inocente, sin que che valeran nin rogos, nin súplicas, nin bágoas, nin nada.

—Adiós, Florinda; tía Andresa, adiós.

—¡Calma, corazón mío! ¡Cerca, muy cerca está el término de nuestro viaje! ¡Se avecina ya la cueva de la hiena que sedienta de sangre pisoteó la amistad de que tantas pruebas le dí! ¡Ah, como deseo el momento del ajuste de cuentas! ¡Cuánto tarda la hora de encontrarme cara á cara con el infame torturador de palomas enjuladas!

—¡Ola, Santiago! ¿Cómo va, hombre? ¿Qué milagro estar de vuelta tan pronto, amigo mío? ¿Pues no me habías hablado de no se que proyectos con Florinda?

—Sí, Tiburcio, es cierto; pero no me encontraba bien allá, no sosegaba en ninguna parte, me faltaba la tranquilidad con que yo había soñado tanto tiempo, cuyo sueño no me había abandonado durante el viaje.

—Es particular ese cambio desde que, según tengo entendido, allá no se pensaba más que en tí y se te quería y estimaba mucho.

—Así es, en efecto, pero como aun soy joven quiero, antes de radicarme allí, arreglar todas mis cosas.

Esta noche comeremos juntos á fin de hablar de aquella tierra. He mandado ya preparar una cena en lo de Ña Tiberia para hoy a las nueve de la noche.

—¡Pero, hombre, en qué lugar!

—Convienes así por la soledad.

—Bien; yo poco puedo comer porque sufro mucho del hígado, pero te acompañaré.

—Buena está la comida, fresca y sazonada excita el apetito ¿no te parece Tiburcio?

—Sí, pero ni tú comes mucho, ni yo puedo darle gusto á los ojos embuchando cuanto ellos me piden. Allá te habrás echado al colete buenas panzadas de merluza, algunos odres del de la tierra y te habrás divertido en grande con las rapazas. ¡Cómo me acuerdo de los meses que allí pasé yo! ¡Qué vida y qué de agasajos y cariños por todas partes!

—De todo hubo algo; pero mi corazón, por demás sensible, no me permite ser tan tigre como tú para ciertas empresas que si agradan también mortifican.

—Esas son tonterías propias de niños ó cuando menos de mujeres. Nosotros debemos hacer caso omiso de sensiblerías. No faltaba más que uno, después de bregar tantos años por el mundo, fuera á condolerse por lágrima más ó súplica menos. Adelante siempre tropiece quien tropiece y caiga quien caiga.

—¡Ya se que esa es tu divisa!

Vaya ese pedazo de asado, está tierno y jugoso.

—No puedo más, amigo Santiago. Cuando estuve allá hice algunos excesos de comidas y demás, y ahora los resultados me son fatales.

—Los abusos no traen nunca buenas consecuencias, y tu habrás gozado mucho, atropellando por todo, como dices.

—Acaso. Alguna vez encontré un mar de lágrimas, un mundo de ruegos; pero no era yo individuo de eternecerme por esas cosas. Todos los obstáculos en la vida los vence la constancia, la ocasión y la fuerza de voluntad.

—¿Y no has respetado siquiera en esos casos la amistad, la inocencia y la debilidad?

—¿Qué tonto eres: eso sería lo que más perdería.

—¿Y nunca te has sentido inclinado á cubrir con un sacramento el honor de la incauta aun cuando allí hayas encontrado el candor y la pureza? ¿No te ha remordido la conciencia la virtud bollada, la inocencia escarnecida, la amistad pisoteada y la víctima envilecida? ¿No te encontrarías aun ahora con ánimo de lavar la mancha que hayas podido echar sobre algunha criatura inesperta?

—¡No te digo que estás chiflado!

—¿Pero no hay ninguna entre las que ataste al carro de tus delitos concupiscentes que aun ocupe un pequeño lugar en tu corazón?

—¿Qué ha de haber, hombre: si todas ellas fueron iguales: debilidad y siempre debilidad!

—¡Mientes, Tiburcio, mientes como un villano...!

—¡Santiago, que me faltas: yo no miento.

—¡Mientes como un cobarde...!

—Cobarde eres tú, porque viéndome enfermo te permites insultarme.

—¡Abí tienes ese cuchillo igual al mío: defiéndete que desde Galicia he venido á pedirte cuenta de tu villanía! Levántate, miserable; ¡tuf...! Haces bien en limpiarte porque mi saliva estará protestando por haber caído en esa cara deslavada.

Levántate si no quieres que te raje de un hachazo como al más vil de los hombres.

—¿Pero no ves que la debilidad me impide moverme? Déjame paso que me voy.

—Lo siento: la puerta está con llave, y la fondera, avisada de antemano, hará oreja sorda á cuanto sienta.

—¡Mal amigo! ¡Traidor...!

—¡Mal amigo me llamas tú que, valiéndote de mi carta, entraste en casa de la tía Andresa para sembrar allí el luto y la desesperación! ¡Apelas á la debilidad en que te encuentras tú que te valiste de ella para realizar tus criminales propósitos! ¡Pretendes salir de aquí tú que has cerrado con llave la jaula donde habías sorprendido á la cándida paloma, para torturarla á tu placer! ¡Quieres aún obtener favor de Na Tiberia tú, que para reírte de la inesperecia fuiste sordo á los lamentos de la víctima! ¡Me llamas traidor tú que has ido á profanar el santuario donde sabías que se encerraba mi dicha...!

—¡Auxilio...!

—Defiéndete, infame, ó prométeme ir á cumplir con Florinda como Dios y la sociedad lo exigen. Ella me confió sus cuitas, y yo vengo á que tú le devuelvas la tranquilidad cubriendo su honor, ó á arrancarte el corazón á fin de lavar con él la mancha que dejaste en casa de la tía Andresa y que á su hija la lleva á la sepultura.

—¡Pues bien, me defenderé...!

—¡Así te quiero ver... frente á frente...! ¡Mírame mucho... no vaciles...! ¡Aun tienes ánimo para luchar, pero Santiago no es Florinda.

—¡Qué no puedo más...! ¡Ay...! ¡Por piedad no me mates! ¡No puedo sostenerme en pie! ¡Es una cobardía de la fuerza con mi débil brazo...!

—¡Infame, canalla, traidor, así te suplicó Florinda, así te rogó é imploró que no llevaras la deshonra á su casa, á su santa madre; y tú te mofaste de aquel reguero de lágrimas clavando el envenado puñal en aquel cuerpo inocente, así como yo...

—¡Ah!

—...clavo este cuchillo en tu podrido corazón!

¡Bravo... Chupa, pañuelo, chupa la sangre que á borbotones sale de las entrañas de la hiena! ¡Cuanta más salga mejor, que toda hace falta para purificar el ambiente mefítico que dejó allí!

—¡Ah... me...muero! ¡Quiero... que... me ... perdones!

—¡Que te perdone Dios, que Florinda é yo te perdonamos en la muerte como te odiamos en la vida!

—Gra...ci...as...

—¡Señor, ya soy feliz al encontrarme de nuevo en mi patria, en mi tierra querida! ¡Cuánto más me acerco más aumenta el ansia de llegar! ¿Cómo estará Florinda? ¡Hace tanto tiempo que no sé de ella! ¿Se habrá agravado su enfermedad? ¡Todo me lo temo!...

—¡Canta xente! ¿Qué haberá na casa da tía Andresa?

—¡Tía Xuana...!

—¿Santiago, tí xa de volta por aquí?

—¡Qué hay, que vexo aquí fora moita xente!

—¡Ay, meu filliño, esperando os sacramentos prá probe Florinda!

—¿De veras?...

—¿Alá arriba che está Andresa amañando todo pra cando chegue El Señor.

—¿Fágame, tía Xuana, o favor de avisarlle á tía Andresa que vin eu; que poida ser que veña ós sacramentos; que teño moitas ganas de ver á Florinda y de falar co ela. E eu espero aquí n-a cocíña pra en seguida que sepan á miña chegada correr lixeiro por esas escaleiras sin parar hasta darlles un bico e unha aperta. Quero que me reciban á mín antes que chegue o cura; antes ainda de recibir al Señor quero que Florinda me reciba á mín...!

—¡Vou agora mesmo...!

—¿(Ardo e non fomego...! ¡Quixera ir tras da tía Xuana!)

—¿Ay, Santiaguíño, qué alegría tan grande hoxe nesta casa! Andresa non pode aturar o rebumbio que se lle formou n-a cabeza co a pena de Florinda e a alegría da tua chegada. Florinda púxose tan leda co a noitica que mesmo parece un ánxele caído do ceo n-aquela cama. Aquel sobrado cuberto de panos, soborcamas e demais, é hoxe todo alegría pra recibir, como di Florinda, ós dous grandes señores: o do ceo e o da terra. Despois desto di Florinda que morrerá con moito gusto, que xa nada mais desexa neste mundo que tan mal a tratou, que tan traidor foy con ela.

—¡Vou á subir...! (¡Amodiño! ¡que non sinta siquera as miñas pisadas...! ¡Qué hermosa, qué guapa está alá n-aquel currucho do sobrado a probe Florinda na súa camiña! Abí ven a tía Andresa.)

—¿Santiaguíño...!

—¿Tía Andresa...!

—¿Pasa, meu filliño, pasa...! ¡Florinda, estache Santiago!

—¿E quierme ver? ... Se me quer ver mándeo entrar.

—¿Florindiña do meu corazón, aínda preguntas se Santiago te quer ver, cando non quixera nunca ter que apartarme de tí; cando, mais que correr, avancey pra chegar mais presto á tua veira; cando...!

—¿Créochu ben, Santiaguíño! ¡Conozo ese teu corazón sempre cheo de bondá e cariño; Pero como eu nada merezo, como son a pior das mulleres nadas, pensaba que non te vería mais!

—Eso é imposible. Quixera ser o teu compañeiro toda a miña vida, quixera poder eu derche pol-a miña mao as medeciñas, quixera que tí me quixeras pra non soparanos nunca, quixera...

—¿Nay querida, decille vos o que o quero; cómo me vou morrendo co seu nome nos labios, cómo teño aquí neste muchado corazón gardada a imaxe do ser en quen pensey sempre e por quen suspirey toda a miña vida; decille...!

—Basta, Florinda querida. Sinto xa a campaña avisando que El Señor ven preto. Pois antes de que o señor cura salla d-aquí, quedará arreglada a nosa unión pra sempre.

—¿Tienes algo de qué reconciliarte?

—Sí, señor.

.....  
—¿Hija, El Señor viene á visitarte y consolarte en tu lecho de dolor. Gracias debes darle por su bondad con una pobre criatura, por la cual ha bajado á esta mísera habitación y te ha traído unha prueba más de su amor y de su humildad.  
.....

*Te veo ya más tranquila. Confiando en la misericordia de nuestro Dios, te dejo hasta mañana que vendré á visitarte de nuevo y á auxiliarte en todo cuanto pueda y vosotras necesitéis.*

*—¡Moitas gracias! ¡Dios llo pague!*

*—Señor cura, antes de retirarse tenemos que hablar una palabra, si usted me lo permite.*

*—Con mucho gusto, Santiago.*

*—Pues bajemos.*

*—Florinda y yo nos amamos desde casi niños. Con mis idas y venidas á fuera no hemos podido realizar nuestras aspiraciones. Hoy, que se encuentra agobiada con el peso de una prolongada enfermedad, quisiéramos recibir la bendición del sacerdote, consagrando nuestra eterna unión. Ella y la tía Andresa están conformes, y sólo les extraña que yo dé este paso encontrándose Florinda tan enferma; pero lo que á mí me interesa es la unión de estos dos corazones que nacieron para amarse, para entenderse, lo demás sobra.*

*—¿Señor cura, Santiago, qué Florinda se desmayó!*

*—¿Subamos pronto...*

*—¡Yá vuelve en sí...*

*—¿Qué le parece, señor cura?*

*—Amigo mío, esta vida se extingue.*

*—¿Y cómo hacemos?*

*—Pues usted se confiesa ahora mismo, y á casarse.*

.....  
*Florinda Silva, ¿queréis á Santiago Carballo por vuestro esposo y marido por palabras de presente, como lo manda la Santa Católica y Apostólica Iglesia Romana?*

*—Sí, quiero.*

*—¿Os otorgáis por su esposa y mujer?*

*—Sí, otorgo.*

*—¿Le recibís por vuestro esposo y marido.*

*—Sí, recibo.*

*—Santiago Carballo, ¿queréis á Florinda Silva por vuestra legítima esposa y mujer por palabras de presente, como lo manda la Santa Católica y Apostólica Iglesia Romana?*

*—Sí, quiero.*

*—¿Os otorgáis por su esposo y marido?*

*—Sí, otorgo.*

*—¿La recibís por vuestra esposa y mujer?*

—Sí, recibo.

—Daos la mano. (*La de ella por abaixo.*) Ego vos in matrimonium conjungo in nómine Patris, et Filii, et Spíritus Sancti. Amén,

—(¡Con qué ternura me mira y cómo me aprieta la mano! ¡Cada vez la veo más hermosa!)

—¡Ay, quero auga...!

—¡Señor, qué se desmaya! (¡Me mira otra vez!)

—¿Florinda? ¿Florinda? ¿Florinda mía?

—¿Florinda? ¿Florindiña? ¿Miña filliña...?

—¡Basta! ¡Todo acabó, Florinda está con Dios!

### “O MAL RUÍN”<sup>6</sup>

*Fai boxe nada mais nin nada méenos que quince anos, que cumpria o deseo que tiña dendes que habia oido falar dos do mal ruín que van á Saleta, ó Corpiño, á Santa Xusta de Moraña é á outros santuarios á quen Dios dotou d'un poder especial pra curar os enfermos d'ese mal.*

122

*O dazaseis, día d'a festa da nosa señora do Carme, non pensei nin miga en tal festa, pero en cambio non me saleu do pensamento o outro día, que era a Santa Xusta, á onde pensaba ir en compañía de meu birman.*

*Deiteime, pero durmin moi pouco.*

*Amañeceu, e enseguida asomou as barbas o señor Febo, tan lustrosas e relucen-tes que alumeaban á tod'o mundo.*

*Votei fora d'a cama, aínda algo chocho; pois acórdome ben que dempois de tirar c'o relós, párceme que tamen metin un pé pol-a manga d'a chaqueta pensando qu'era a perna do pantalón.*

*Dempois de moitos apuros, porque era tarde, salía d'a casa dereito a Moraña, onde se celebraba aquel día a romería de Santa Xusta.*

*Da miña casa alá penso que hay duas leguas; pero aquel día non me renderon tanto com'o que hay d'a lareira hastra a miña cama. Subin aquela costa d'Abagada tan lixeiro como corre a pedra que se bota o chin-chin por unha costa abaixo. Meu birman, qu'era mais bello, rabeaba e decíame: «Espera [om!] non corras tanto», mais eu facía orella xorda e respondíalle pro meu peito: se non podes correr quedate atrás, pois a min pouco m'importa que chegues duas horas dempois.*

<sup>6</sup> Asinado co pseudónimo Barón de Dorreguriz apareceu na publicación bonaerense *El Gallego* en diferentes entregas do ano 1888, concretamente os días 22 de xullo e 5 e 19 de agosto.

N'a cima d'Abregada, est'a taberna que lle chaman de Mato; alí pareim' un pouco é tiven tempo pra mirar as duas iglesias que ten a parroquia d'a Portela: unha corre cost'abaixo, esta e a d'a Virxen de Loureiro; é a outra bai cost'arriba, est'outra é a parroquial ou sea Santa Eulalla da Portela. Parce mentira, pero a [verda] mesmo semellan a filla que vai atrás d'o pai co-a aixada o lombo pol-a cost'arriba a rozar un carro de toxo o monte Xesteiro.

Chegou meu birman, é agora com'a antes deixeiño quedar atrás. Camiñei sin que pensase qu' algún [dia] teñ'alí o niño dos meus amores! pensaba solo [na festa].

Cando me deprocatei estaba frente os fornos d'a telleira, n-a [aldeia] d'Anllada. Aquí a alta torre de Arcos de Furco fai o papel d'un galgo correndo unha lebre bella [fo pelada] que xa sub'o monte, a ilesia de San Miguel de Couselo, que se esconde alá o pe d'un regato, entr' uns carballos, com'a bella fungona de trás d' pote. [Mais] a esquerda de Conselo vese Sanamede do Piñeiro [semell'un paisano] que vai pra feira d'o Campelo o des de cada mes.

Camiñando sempre pasei á vila de Cundes sin fixar [n'ei atención] e chego á Mieira onde se fai a feira do vintedous. Pasei o rio, que se non me engano chámase Umia pol-a ponte Taboada encontrei un vello qu' iba correndo unha [caxa] que lle moscaba c-o calor, e preguntelle que parroquia era aquela, e díxome: Sanmartiño de Laxe, -o cuxa, o gou, o gou, o gou.

Camiñei por entr' uns carballos é logo sintin foguetes d'un é tres estralos, palenques, bombas, é o tun-tun do bombo a quen asompañada unha campana fendida que tiña n'aquel tempo a torre de Moraña.

Metinme n'unha congosta e n'unha volta case me tropecei c'un fato de mulleres que estaban pelexando por facer camiñar a unha rapaza, voa moza se as hay, e aínda revento se tiña mais de desasete anos, parecía repolo branco mesturado con [frebe] de pernil. O díaño d'a rapaza puña os pes de punta, e non había vacas que amovesen do sitio, parecía un d'esos porcos gordos aquen o dono quer levar á feira do Toxo atada po los cornos.

Eu, que sempre fun amigo de facer ben, quixen axudar a aquelas mulleres; botei a man é empecei á empuxar pr' adiante; mais sin deprocatarme, eu agarraba por onde vía qu'elas agarraban tamen, o meu empeño era botar pra diante. ¡Ay, Santa Lucía bendita! se non a deixo hay unha de uñas é sopramocos que me pranchan a cara e déixanme sin ollos.

Aparteime d'aquelas condenadas facendo xuramento formal de nunca mais axudar á ningunha que tives'o ramo cativo.

Camiñei un pouco case que a par d'elas, fixándome sempre n'a prob'enferma é mais n'as compañeiras qu'aínda fungaban contra min e decían: «O demo d'o rapás pensaba qu'andab'as troitas; pol-a roupa que leva, parce rillate, e eses sempre teñen gana de lérca.»

*Deixeiñas atrás é toquei lixeir'ó zoco dereit'a ilesia, anque c'ó meu medo de encontrar, non enfermas, senon compañeiras com'as de marras.*

*Ceguei, por sorte miña, sin tropezar mais que con algunba laxe d'o camiño. Entrei pol-a porta d'o adro é sentin qu'os cregos cantaban o credo. Subin pr'ó sobrado, metinme n'ó medeo [á des], e aínda nos pasaran dous minutos oin uns berros com'os d'unba raposa famenta. Quixen pasar pr'adiante pra ver o qu'era; pro un vello de calzón de boca de cadela non me deixou. Estonces fixen o propóseto de, pra outra misa, ir pro coro.*

*Así foi: tocou á misa grande, é alá vou eu furando por entr'a xente.*

*Pranteime n'ó mesmo médeo d'ó coro, presineime, e dempois pouco mais fixen que mirar pr'a santiaña, qu'e moi bonita.*

*A misa seguía, os cregos cantaban é ó gaitero dab'as últimas notas d'ó dignum et justum est, cando sint'a campaiña que fai: tilín, tilín, tin-tin. Incrinei á cabeza, é dicindo sanctus, sanctus petaba n'ó peito, sin acordarme mais que d'aquel que morreu n'a Crus, qu' estaba pintado n'a folla do misal. Mais aínda non petara á última ves, cando sint'un berro que me fixo tembrar, e logo outros, dous..., tres..., catro! ¡ay probiño de [mín], estouche ben amañado entr'as lurpias! Acordábame d'aquelas uñas negras que pouco antes me quixeran gradar á cara. Eses berros eran doutras tantas enfermas d'ó mal ruín.*

124

*As condanadas berraban, e miraban pra probiña da Santa Xusta, c'uns ollos de miñotos... Chamáronlle meiga, [capezada], yegra, bruxa é... tantas cousas tan limpas que da noxo falar d'elas.*

*A min doume lástem'a Santa, e dixen: «Se poidera en vos todas, habíavos de dar tantos puntapés que vos había d'arrincar os gonzos d'a porta do quinteiro».*

*Unba muller oeume, é dixome: «Señor, cale por Dios, qu'elas non teñen a culpa,» E eu respondínlle: «Ten tal: esto fanno pra qu'ó ano que ven as deixen vir outra ves; mire com'os homes non berran!»*

*Aínda ben non dixen esto, cand'empizou un á berrar com'un xovenco. Non había quen pudese co aquel condanado: pateaba, sementaba cachetadas como se xa rabeara, rabuñaba, cuspiu e hastra quería pelexar co-a probe da Santa: e éla ríase.*

*Eu fuxin, porque aquela muller, dempois, queríaime comer.*

*O ver estas cousas, dixen: Vaya! C'unba rapaza que lle de o mal aínda me atrevo a loitar eu, se non hay mulleres nin... homes; é case que estou certo de que anque lle dea ben forte non ha de berrar, porque eille de meter unba espiga n'a boca pra que vaya [remoendo] pouco á pouco cando lle dea o rauto. Agora pelexar [c'un] home d'esas... que pelexen elas!!*

*Corrin sempre, e fun á bater o medeo d'unbas laxes que hay mais abaixo d'a ilesia, o pe d'unba casa que ten un portal moi grande: penso qu' é á do abade. Alí*

*mirei atrás é non vendo á ninguén, senteime, xemendo como se chegara de facer unha rozada. Vin o meu lado un gurgullón d'auga tan crara que o [mírala], daba sede: debruceime, e non lapei porque non sei facer da miña lingua unha culler com'os cans; pero en cambeo (...) n-éla hastra que quedei sin folgo.*

*Alí estuven hastra que sentín qu'os cregos saían co aporcisión, cantando a letanía.*

*Cando xa non se vía nada, subín pra riba é encontrei á meu hirman que m'andaba buscando pra ir á xantar. Sentámonos xunta un carballo, o pe do que estaba tamen un larpeiro d'un crego comendo con tres mulleres. Eu comía e tamén malmuraba algo á aquel larpín, que lixaba d'aquela maneira o pra min moi sagrado vestido d'os cregos. Meu hirman, que ten a casta mais santa que eu, decía: com'è cala!*

*Non tardou ó gaiteiro en chegar, é enseguida comenzou á tocar.*

*Levántome correndo e á pormeira rapaza qu'atopei pedinlle que m'acompañase á bailar á muiñeira punteada, o que fixo de bo mor. Eu de boa gana xa non iría pro baile: porque aquela rapaza penso que era á millor rosa d'un d'os recunchos de San Martiño de Laxe e mais me gustaba palricar un pouco co-éla que bailar, pero non tiña mais remedio que ir. Entramos n'o baile, e empecei á espurriñar facendo puntos ó meu modo, porque non podía seguir ninguen d'os demais homes: alí son canteiros todos é bailan moi ben.*

*Un d'os que bailaban falou en latín á miña compañeira dicíndolle: Surria [andia], ese chilo non para argina nin dentre eles; dabe parar d'algun baloiro de cotas: é dill'ela: ¿E por qué? -porque non pesca nin giche nin bui d'este conto.*

*Ela escoitaba e decía: aínda un rayo vos parta co modo que tedes de falar! Craro! estábanme amocando, é eu sin saber... Si fora hoxe xa vos diría este Barón se paraba cota ou argina, xa vos galrrupearía en verbo, e tamen vos estafaría n'a xabeca os corcomeñantes!*

*Pergunteille a rapaza o que dixera aquel mozo, é díxomo; agregándollo que non lle fixese caso; pois era un fahendoso d'esas que non lles pasa un (...), é sempre andan botando por ela e buscando liortas.*

*Chegou n'esto meu hirman buscándome pra ir pr'aldea; díxenlle que fose camiñando, qu'eu xa iba tamen. Dei por alí unhas voltas é pillo pra aldea. Corrín, ata llei, penso que hastra voei: pero nunca puden collelo.*

*Chegue á Cundes cando via tanto como se levase á cabeza dentro d'unha ola de mel. Tiña medo pra ir pr'adiante; medo pra volver pr'atrás; cartos, nin un ichavo! ¡Abí te quero ver Barón! Dando voltas por alí como gato á quen corren os cans, encontrei o coche de Farruco de Galaría; metínme dentro; zarrei, encollíme sobor d'un almohadón é pechei os ollos hastra pouco antes do día. Cando vin que crare-*

*aba, votei fora antes que chegase o pousadeiro á cobrarm'a cama.*

*¿Pensás que pillei pra casa? Do [demo.] Fun pra festa outra ves; pois duraba tres días. Fun pra casa d'un compañeiro viciño d'alí.*

*Como non sabía o camiño, fun a atallar; por entr'os millos. Acórdome que cheguei á Casal d'Arriba é dempois pasei por Conles; petei nunha porta, que mais tanto soupen qu'era d'unha muller que bota as cartas.*

*Cheguei á casa d'o compañeiro, mollado com'un pito, cando se despuñan pra tomar chicolate.*

*Gozou moito co'a miña chegada é fomos xuntos todol-os días á romaría, e levoume á Pena, onde comemos unha tortilla con duas ducias d'ovos e duas libras do pernil; catro xerros de viño e un molete inteiro.*

*O cabo de tres días cheguei á casa de meus pais, qu'estaban moi tristes pensando que s'había perdido est'a alaxa.*

*Non vos conto moitas cousas de este viaxe por non cansarvos, pero en cambeo pídevos perdón ó BARÓN DE DORREGURIZ.*

### EL PAÑO DE LÁGRIMAS<sup>7</sup>

126

*¡Mesmo parece que estamos deixados da man de Dios!... ¡A ti, nin que te vira unha chosca desque o rapás se foy pra fora, eu xa casque non podo co as cirolas, e pra ir á corte e matalas todas, secou o millo nas veigas e a herba nas cortiñas: o becerro volveouse un canizo, o cocho revolve o cortello berrando co a fame, as pagas están sin facer, e xa non-os queda un grao que levar ó muiño!... ¡Ay Dios, qué negra se me vay volviendo a vida!*

*—¡Mira, confía no Noso Señor, e non te afrixas así, que perdes a salú sin reme-  
dear nada. Achégate acá; séntate aquí preto de min; mais cerca da rilleira!...*

*—¡Qué me queres!...*

*—¡Pois... que deites a cabeza un pouquerrechiño nesta punta do cabezal! Véxote tan descaído que mesmo daría o pouco folgo que teño pra amingoar os teus sofrimentos.*

*Eu ainda espero que Dios teña piedá de nos. Aquí, neste meu corazón, hay unha espranza que me consola nas miñas penas: penso que o noso Luisiño está vivo e que nalgún día virá cabo de nos ou de ti pra axudarte nas angueiras da vida. Se*

<sup>7</sup> Diálogo co que se inicia o relato bilingüe "El paño de lágrimas", asinado por Bernardo Rodríguez en Bos Aires en 1909 e que apareceu na publicación bonaerense *Almanaque Gallego* para o ano 1910. Olimpio Arca reproduce parcialmente este relato no volume *Bernardo Rodríguez Ribeira. Emigrante Sobranceiro* baixo o título de "Paño de lágrimas".

*eu morro antes, dalle por min unha aperta moy grande, e dille que morrín co seu nome no corazón.*

*—¡Dios te oya, pero...! Se eu tivera mais forzas das que non teño, fuxiría d-esta terra, anque fora contigo ó lombo, é iríame tamén metido n-un barco d-eses que disque van acugulados de xente pra América.*

*¡Petan á porta!*

*—Dios sea contigo, Pepe.*

*—El nos acompañe, Merexildo. ¿Qué milagre por aquí?*

*Vẽño avisarche que se nestes días non vas á pagar a contrebución, pensan mandarche embargar. Por agora soilo che mandan aviso, pero non tardarey en vir co mandamento se non te ves con don Xerome.*

*—Mira, líscateme da porta se non queres que te derree c-un fumeiro.*

*—Do dito ó feito baiche un gran preito.*

*—¿Tí que dis alarbio negro, miñato? ¿Queres ver como te estampino contra esa parede?*

No primeiro relato que aquí reproducimos, “Axuste de contas”, desenvólvese unha temática amorosa na que tamén está presente a problemática da emigración, dous temas moi queridos polo autor nado en San Xiao de Veá. Sobre este último tema, a emigración e as súas consecuencias, o autor reflexionou noutros relatos como por exemplo “O emigrado”, “Sin agarimo”, “Carta de América”, “A sombra dos carballos” ou tamén en “El paño de lágrimas”, no que xa se anuncia a temática do abandono da terra desde o inicio, como se reflicte no texto que reproducimos.

O sentimento do amor que aparece en “Axuste de contas” foi abordado tamén polo estradense en “Escorreita” ou “Estaba de Dios”, relatos nos que a emigración tampouco está ausente. Este sentimento preséntase por medio de relacións como as de Pilariña e Rosende no relato “Escorreita”, Carmiña e Pedriño en “Estaba de Dios” ou Santiago e Florinda en “Axuste de contas”. A cara amarga e desgraciada do amor vén dada xeralmente nestes relatos por causa dunha terceira persoa, mais a primeira e segunda narracións non teñen carácter dramático posto que o asunto amoroso remata cun final feliz. Deste xeito, Pilariña sofre porque Cristobo a rexeita, mais posteriormente acepta gustosa o futuro casamento con Rosende, e Carmiña, despois de agardar moitos anos a Pedriño soa e solteira en Galicia por mor do seu casamento con

Zoraida, acepta casar con este emigrante retornado. Respecto a “Axuste de contas” non podemos afirmar o mesmo, posto que, pese a que o amor vence e Florinda e Santiago casan despois de vingados os deshonorosos actos levados a cabo por Tiburcio, a rapaza múrchase lentamente por non crerse merecedora da man de Santiago e morre nos brazos do seu amor pouco despois do “Sí, quiero”. Polo dito, a temática amorosa non está exenta da pluma de Rodríguez Ribeira nun momento no que as novelas folletinescas estaban en pleno auxe nas publicacións periódicas en xeral.

Relacionado coa narración titulada “Estaba de Dios” tamén é mester indicar que este relato se pode vincular con outro tema de longa tradición literaria, como é, o do *fatum*<sup>8</sup> ou destino inexorábel, xa que os protagonistas finalmente rematan casando pese a todo o acontecido. Desde o paratexto, concretamente desde o título, e coa frase que pecha o relato alúdese ao destino do que os protagonistas non puideron escapar xa que ante os designios divinos non hai vontade e acción humanas que poidan opoñerse.

128

Este estradense que iniciou a carreira de crego no Seminario de Compostela tamén se achegou ao tema relixioso en narracións como as tituladas “Ir por lan...”, na que se presentan varios curas carentes das características que os da súa caste deberían posuír, como a tolerancia ou o respecto a aqueles que carecen de cultura e coñecementos; “La Penitencia”, na que o crego realiza o seu papel de confesor; “O parvo”, na que o personaxe que lle dá título ao relato ofrece as razóns polas que non quereda ser crego; ou “As primeiras letras”, na que se amosa o poder eclesiástico. Nestes relatos está presente, ou preténdese, o humor, así como en maior ou menor medida noutros como “No moíño”, no que destaca a picaresca e os xogos de palabras (principalmente nas coplas populares que presenta), ou “En casa del relojero”, no que se manifesta a astucia dos galegos, entre outros.

Outro grupo temático na produción deste autor do XIX sería o formado polos contos nos que se trata a cuestión idiomática, asunto este que abordou tamén en diversos artigos xornalísticos asinados principalmente co pseudónimo de Ignarus. A defensa da lingua e da cultura galega, así como da terra, da que o emigrado sente morriña, amósase en textos como “¿Por que?”. Dentro

---

<sup>8</sup> Equipo Glifo, *Diccionario de termos literarios (e-h)*, Santiago de Compostela/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Xunta de Galicia), 2003, pp. 385-386.

desta mesma temática tamén son encadrábeis os relatos “Tormenta en coche”, “Siga o conto” ou “Carapolas do gallego”, entre outros.

Finalmente, sinalaremos que non son alleos ao traballo deste autor os relatos nos que se retratan escenas costumistas (por exemplo en “O rosario” ou “O Mal ruín”) ou relatan anécdotas divertidas que ben puideran acontecer na realidade (por exemplo “Non lle valeu”, “O médico tenazas”, “Unha noite ao recío” ou “O roubado non loce”). Tamén debemos mencionar o relato “O cacique” e “A nai gallega” nos que se centra nestas dúas figuras.

No que atinxe á modalización dous dos relatos que reproducimos, en concreto “Axuste de contas” e o fragmento de “El paño de lágrimas”, presentan a propia voz dos personaxes, que é na que o autor confía. Baseados no puro diálogo, o modo dramático é, de igual xeito, o presente noutras narracións como “En casa del relojero”, “La Penitencia”, “O xilgaro”, “Carta de América”, “As primeiras letras” ou “Escorreita”, nos que os personaxes á vez son alternativamente narradores e narratarios.

Tamén está presente na prosa deste autor a narración en terceira persoa, modalización que combinada en moitas ocasións coa propia voz dos personaxes aparece en relatos como “O emigrado”, “Sin agarimo”, “O manle de Bastián”, “A limpeza daya Dios”, “No moíño”, etc. Acostuma tratarse dun narrador en terceira persoa omnisciente que todo o sabe dos personaxes e do que a estes lles sucede, mais que en ocasións, tamén valora a historia que narra, como acontece nalgún fragmento de “Estaba de Dios”.

O relato “O mal ruín” mostra como Bernardo Rodríguez recorre nalgúns relatos á modalización en primeira persoa. Varias son as narracións nas que o narrador é ben o protagonista ben unha testemuña dos feitos narrados. Exemplos, entre outros, deste tipo de modalización son tamén os relatos “Non lle valeu” ou “O médico tenazas”.

Cabe sinalar a presenza nalgúns contos de apelacións directas ao lector por parte do narrador, como por exemplo, en “O médico tenazas”, narración que se inicia coa frase “O que vos vou contar hevos tan certo como hey de morrer, ¡abofé!”.

No tocante á expresión do tempo, a produción prosística en galego de Bernardo Rodríguez presenta en xeral referencias temporais precisas que se

indican de diferente maneira segundo o tipo de modalización que o relato presente. Deste xeito, no modo dramático pode virnos indicada pola fórmula que empregan os personaxes para saudarse (“Bos días”, “Boas tardes”, etc.) ou pola referencia temporal concreta que algún destes mencione e que nos sitúa nun momento determinado do día.

Nos relatos nos que se combinan a voz narrativa en terceira persoa e o modo dramático xeralmente é o narrador o que xa nas liñas iniciais do relato indica o tempo no que a historia transcorre. “Eran las once de la mañana”, no comezo do relato “Tormenta en coche”, ou “Facía catro meses que Pepe da Ribeira recibira...”, en “A sombra dos carballos”, constitúen exemplos do dito, mais tamén poden os personaxes ofrecernos outras referencias temporais.

A primeira persoa, característica dos relatos nos que o narrador é protagonista ou testemuña, sitúanos normalmente no inicio do relato no momento presente para a continuación facer mención ao pasado e narrar unha anécdota deste. Exemplo do dito constitúe o relato “O mal ruín”, mais tamén outros como “Unha noite ao recío”, no que o narrador comeza: “Antes de comezar direivos, co á miña natural franqueza qu’o que vou á contar é máis certo que o avaxelio”, para logo continuar coa anécdota: “Tiven cand’a era rapás xa espigado...”.

Na produción narrativa en galego deste autor do XIX tamén atopamos casos nos que a indicación do tempo é imprecisa ou inexistente, independentemente do tipo de modalización no que estea narrada a historia. Encadramos neste grupo, entre outros, relatos como “Axuste de contas”, “La Penitencia” ou “Estaba de Dios”.

No que atinxe á localización espacial o que fora destacado membro do Centro Gallego de Bos Aires non sempre precisa nos seus relatos bilingües ou en galego ónde se situa a acción. Pese ao dito, podemos sinalar que dous son os espazos xeográficos nos que, a grandes trazos, se ambientan as súas narracións. Referímonos concretamente a Galicia e ás terras de Sur América, nomeadamente Bos Aires, ás que os galegos emigraron en diferentes períodos históricos.

Destaca nesta narrativa recuperada de Bernardo Rodríguez a presenza de topónimos pertencentes a espazos xeográficos da súa comarca natal, é dicir,

das terras de San Xiao de Veá e dos arredores. Así, nomes como o da súa propia parroquia, Veá, ou como Portela, Couso, Frades, Matalobos, Bumio, Carcacía, Pontevedra, Mourente, Pontecesures, Vilagarcía ou Moraña, entre outros topónimos, atópanse en abundantes ocasións.

Cabe sinalar que algunhas prosas se sitúan na comarca Compostelá que o autor estradense coñecera na súa época de estudante. É nos arredores de Sar, por exemplo, onde se ambienta o relato “O roubado non loce”.

Lonxe de Galicia, en terras do outro lado do Atlántico, desenvólvese parte ou toda a acción de relatos, por citar algún exemplo, como “Axuste de contas” ou “A sombra dos carballos”, narración esta última na que se nomean lugares como a Quinta de Lecica. (Nestas narracións situadas alén mar a toponimia galega segue estando moi presente).

Os personaxes nos contos de Bernardo Rodríguez Ribeira aparecen denominados en xeral polo nome de pía, mais tamén atopamos exemplos nos que os personaxes aparecen designados polo seu nome e o lugar do que proceden. Así, Tiburcio, Santiago ou Florinda, en “Axuste de contas”, Carmiña e Pedro, como personaxes principais de “Estaba de Dios”, ou Luisiño, María e José, en “El paño de lágrimas”, constituirían exemplos do primeiro grupo e o caso de Pepe de Ribeira e Rosa de Retén, en “A sombra dos carballos”, do segundo.

131

Trátase de personaxes dos que non coñecemos xeralmente o seu aspecto físico e dos que psiquicamente tampouco descubrimos moito, pois só se nos presenta unha acción concreta nun momento concreto. Están caracterizados, en ocasións, polo emprego que fan da lingua e os datos que o lector coñece deles procede da súa propia voz ou polo que deles sinalan os personaxes cos que dialogan, posto que moitas das narracións están baseadas no diálogo.

Naquelas narracións nas que intervén o narrador omnisciente atopamos, non obstante, algunha descrición física e mesmo lixeiramente da psique dos protagonistas, así en “Tormenta en coche”, por exemplo, o labrego protagonista preséntase como vestido “de calzón, sombrero calañés, blancas *cirolas*, ajustadas polainas y grandes zapatones calzados con chapras de ala de mosca” e, en “Estaba de Dios”, Pedriño é definido como “un mociño de moito siso, espelido, garboso, vivo como un centella, listo como unha anduriña e bonito como un sol” e Carmiña como “unha rapaza que estampinaba, tan guapa que non tiver Dios mais que pintar ne-la”.

Un dos personaxes principais que aparece en abundantes relatos deste escritor do XIX é a figura do emigrado, que se presenta situado ben lonxe de Galicia ben retornado á terra de Breogán. Por medio de diferentes relatos observamos como o galego deixa a súa terra e con ela a súa parella e familia (inicio de “Estaba de Dios”). Unha vez en América, lugar ao que quizais chega enfermo e no que pode morrer só delirando coa terra natal e sen ningún familiar que o recolla e atenda (caso do protagonista de “O emigrado”), traballa arreo para en moitas ocasións mandar só un pequeno agasallo para a familia que o agarda, chora e espera a súa axuda ao outro lado do Atlántico (exemplo en “Carta da América”). Naquel continente que o acolle, o emigrado refai en moitos casos a vida esquecéndose do que deixou tras si (“Estaba de Dios”), pero outras veces, as máis nos relatos de Bernardo Rodríguez, deixa a terra allea e retorna á que o viu nacer. De novo en Galicia, se non trae ganancias e obsequios, é repudiado e maltratado incluso pola familia (isto reflíctese en “Sin agarimo”), mais se trae “algunos pesos convertidos en pesetas y una jerigonza compuesta de frases gauchescas y palabras gallegas castellanizadas a su modo” (cita do relato “Compra –Venta”) quizais sexa considerado en máis estima. En ocasións este emigrado retornado busca a felicidade e o amor en Galicia (como o personaxe de Santiago en “Axuste de contas”) e convértese no salvador da familia despois de moitos anos ausente da casa (exemplo disto é o personaxe de Luisiño en “El paño de lágrimas”).

A presenza de diferentes tipos de mulleres tamén é de destacar nos relatos de Bernardo Rodríguez. Neles, achamos exemplos de mulleres submisas, obediénte e pacientes, á par doutras intelixentes, que saben saír dos apuros nos que se meten, e doutras máis liberais no tocante ao sexo. Desta maneira, Carmiña, a protagonista de “Estaba de Dios”, e Pilariña, a do relato “Escorreita”, constituirían exemplos do primeiro grupo dado que unha acepta o casamento de Pedro en América e permanece solteira ata o seu retorno a Galicia e a outra acepta a proposta de seu avó e de Rosende como futuro marido e supeditaría a súa decisión ao que o ancián lle suxerira. Como exemplo de mulleres intelixentes e liberais destacan respectivamente Manuela, a muiñeira que se libera vitoriosa do encontro sexual que desexan varios pretendentes na narración “No moíño”, e Rosa, a protagonista de “A sombra dos carballos”.

Mención especial merecea a protagonista de “Axuste de contas”, Florinda, a moza galega que inspira no lector tenrura e simpatía, pois é unha muller inocente e pura que sufriu os abusos de Tiburcio. Unha muller triste e atormen-

tada a partir dese momento, que vai morrendo pouco a pouco e que viu truncado o seu futuro con Santiago, o home que ela ama.

Mulleres solteiras e casadas, caracterizadas moitas veces por ser traballadoras e realizar traballos propios do seu xénero, aparecen nas prosas deste autor, nas que tampouco está ausente a figura materna que aparece mencionada en diferentes narracións, ademais de se lle dedicar o texto titulado “A nai gallega”. Exemplo de mulleres “dedicadas aos seus labores” poden ser as protagonistas de “A limpeza daya Dios” ou “O manle de Bastián”.

Xa para rematar a caracterización dos personaxes, sinalaremos que nestes relatos de Bernardo Rodríguez aparecen personaxes de diferente tipoloxía social, mais o que predominan son os pertencentes ao mundo rural. Espallados por esta narrativa recuperada atopamos labregos galegos fortes, orgullosos da súa terra e do seu idioma ou outros traballadores e necesitados economicamente da axuda dos que emigraron; representantes do estamento eclesiástico; estudantes enredantes e raparigos que se divirten e que en ocasións se ven envoltos en problemas pola súa curiosidade; médicos que non son tal; zapateiros que acaban converténdose en mestres; pousadeiros, arrieiros; alguacís non moi atinados; etc.

133

Para finalizar queremos salientar algúns fenómenos lingüísticos empregados por Bernardo Rodríguez Ribeira, como é o caso do uso de grafías estrañas á lingua galega como o “y” en palabras como “mandey”, “nay” ou “moy” entre outras moitas; a presenza do “h” de maneira xeneralizada no inicio da palabra “irmán”; o emprego da grafía “x” para representar a fricativa prepalatal xorda; o uso de guións e apóstrofos para representar confluencias vocálicas e contraccións e para tentar dar conta da fala popular (principalmente cos apóstrofos); a presenza de diferentes tipos de acentuación (acentuación circunflexa, grave e aguda) e a acentuación verbal, en ocasións, ao xeito do castelán de Bos Aires (por exemplo, “encontrés” no canto de “encontres”).

*Marta Neira Rodríguez*

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades